

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO, O CONCELLO DE OURENSE E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA-O DESEÑO DUN PROXECTO PILOTO DE REFUXIOS CLIMATICOS PARA A BIODIVERSIDADE, AO ABEIRO DO PLAN PIMA REFUXIOS CLIMÁTICOS

En Ourense, a 17 de xuño de 2025,

REUNIDOS

Dunha parte, Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, cargo para o que foi nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, actuando en uso das competencias que lle son propias, outorgadas polo Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

Doutra parte, Gonzalo Pérez Jácome, alcalde presidente do Concello de Ourense, actuando en nome e representación deste, en virtude das competencias que ten atribuídas pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Doutra parte, Manuel Joaquín Reigosa Roger reitor magnífico da Universidade de Vigo, que actúa en nome e representación da mesma en virtude da súa condición de Reitor Magnífico no uso das atribucións que lle confire o artigo 29 i) dos Estatutos desta universidade, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, da Xunta de Galicia, que outorga ao reitor a facultade para asinar convenios en nome da Universidade de Vigo.

Interveñen no exercicio do seus respectivos cargos e na representación que ostentan recoñécense entre si capacidade legal para subscribir o presente Convenio e, para ese efecto,

EXPOÑEN

I. A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático é o órgano da administración da comunidade autónoma ao cal lle corresponden as competencias e funcións en materia de ambiente, a conservación do patrimonio natural, a ordenación do litoral e promoción da paisaxe, a protección das augas, a loita contra o cambio climático e prevención da contaminación e as competencias na materia de instalacións de produción de enerxía a partir de fontes renovables, conforme o establecido no Estatuto de Autonomía para Galicia e nos termos sinalados na Constitución Española e no Decreto 49/2024, do 24 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

II. Dentro desta consellería, a Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático exercerá, entre outras, as competencias no impulso de actuacións a prol da consecución dos obxectivos de descarbonización e neutralidade climática, así como o fomento e promoción da investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación para o logro da adecuada protección ambiental e loita contra o cambio climático.

III. A Universidade de Vigo é unha institución de dereito público dotada de plena personalidade xurídica e patrimonio propio, que asume entre súas funcións a prestación do servizo público da educación superior mediante a investigación, a docencia, o estudo, a transferencia do coñecemento á sociedade e a extensión universitaria, así como contribuír ao progreso e ao benestar da sociedade mediante a produción, a transferencia e a aplicación práctica do coñecemento e a proxección social da súa actividade, con especial atención á realidade de Galicia, á súa cultura e á súa lingua. Como institución responsable socialmente sirve de axente activo para cumprir cos obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) da Axenda 2030 aprobada polas Nacións Unidas; por esta razón a planificación do seu Plan Estratéxico 2021-2026 está organizada arredor dos 17 ODS. Ademais, conta cos Departamentos de Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluídos, así como o de Didáctica, Organización Escolar e Métodos de Investigación, con persoal especializado en proxectos de enxeñería e de formación.

IV. Tendo en conta que as vagas de calor cada vez máis frecuentes e intensas derivadas do cambio climático obrigan á cidadanía galega a vivir con temperaturas extremas en moitas ocasións durante o verán, e que este fenómeno é aínda máis intenso e nas cidades por mor do chamado *efecto illa de calor* (a acumulación de radiación no asfalto e no formigón). O concepto de *refuxios climáticos* está xurdindo como modo de paliar as situacións críticas que, en determinados momentos do período estival, se dan sobre as persoas cando se acadan temperaturas extremas, proporcionando lugares frescos e zonas de sombra, sobre todo á poboación máis vulnerable.

Ao deseñar refuxios climáticos, deben considerarse as necesidades da biodiversidade, para asegurar a conservación de especies autóctonas e a continuidade dos procesos ecolóxicos, promovendo unha contorna equilibrada e sostible.

Este enfoque integral non só favorece a adaptación dos ecosistemas ao cambio climático, senón que tamén mellora a calidade de vida das comunidades humanas ao proporcionar espazos verdes saudables e funcionais. Por tanto, a integración de criterios de biodiversidade na planificación de refuxios climáticos é fundamental para garantir solucións sostibles e duradeiras que beneficien tanto á natureza como á sociedade.

Neste contexto, xurde a necesidade de poder ofrecer ós concellos unha metodoloxía para identificar cales son as illas de calor e os refuxios climáticos, organizando os espazos

existentes, respectando as necesidades de biodiversidade da zona, e estruturando a información para que toda a poboación poida coñecer libre e gratuitamente onde se atopan as illas de calor e os refuxios climáticos dispoñibles na ubicación na que se atope, sabendo que poden utilizar eses refuxios climáticos sen impactar na biodiversidade da contorna.

V. Na reunión da Conferencia Sectorial do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico celebrada por procedemento escrito do 23 ao 31 de outubro de 2023, autorizáronse os criterios de repartición e a distribución territorial dos créditos relativos ao plan PIMA Refuxios Climáticos, correspondendo á Comunidade Autónoma de Galicia a cantidade global de 449.641,13 euros.

Este PIMA pretende canalizar recursos para a identificación e adecuación de refuxios climáticos para a biodiversidade. As actuacións obxecto de financiamento inclúen, entre outras, o desenvolvemento de deseños metodolóxicos para a identificación de refuxios e microrrefuxios climáticos.

VI. A cidade de Ourense caracterízase por ter un clima moi extremo, con invernos fríos, pero veráns moi cálidos. As elevadas temperaturas do verán, que son propias de moitas zonas do interior de Galicia, vense aumentadas en Ourense pola súa peculiar orografía, nun val bastante profundo e pechado que fai que as masas de aire poidan acadar máis temperatura que o seu entorno.

Así, tanto en xullo como en agosto a media das temperaturas máximas supera os 30°C, o que quere dicir que a superación dese valor é algo bastante frecuente.

Obviamente trátase da cidade de Galicia con máis temperatura neses meses de verán con moita diferenza e a súa temperatura soamente se pode ver superada de xeito moi puntual por outras áreas do val do Miño ao seu paso por Ourense, pero cómpre ter en conta que a sensación de calor se pode ver agravada en Ourense polo feito de ser unha cidade.

O fenómeno das altas temperaturas en Ourense non soamente destaca no entorno galego, senón que cando se dan circunstancias con chegada de aire procedente do norte de África e vento do sueste, algo que no verán non é infrecuente pode acadar a máxima das capitais en España.

VII. A Universidade de Vigo é a institución máis axeitada para liderar o desenvolvemento deste proxecto piloto de refuxios climáticos pola súa capacidade singular de integrar coñecementos procedentes de diferentes áreas científicas e técnicas, grazas á alianza establecida entre diversos departamentos e grupos de investigación con ampla traxectoria colaborativa. Destaca especialmente o grupo ATRG (Advanced

Telecommunications Research

Group) do centro de investigación atlantTic, recoñecido internacionalmente polo seu liderazo no deseño e implementación de dispositivos electrónicos de captura de variables ambientais, cunha alta especialización en solucións embarcadas en vehículos aéreos non tripulados (UAV), así como na aplicación de algoritmos de intelixencia artificial para o procesamento de imaxes satelitais. Este *know-how* tecnolóxico complétase coa participación do Departamento de Bioloxía Vexetal e Ciencias do Solo, que garante a integración dos criterios ecolóxicos e de conservación da biodiversidade na selección e definición dos refuxios climáticos.

Xunto a eles, o Departamento de Máquinas e Motores Térmicos achega a súa ampla experiencia no estudo dos procesos enerxéticos e térmicos, fundamental para a comprensión do comportamento microclimático urbano, mentres que o Departamento de Didáctica contribúe co deseño de materiais de divulgación e guías de uso accesibles para a cidadanía, promovendo a educación ambiental e a transferencia de coñecemento. Ademais, a maior parte dos membros deste equipo desenvolven a súa actividade docente e investigadora na cidade de Ourense, o que garante un coñecemento profundo da contorna na que se implementará o proxecto piloto, así como unha elevada capacidade de resposta e seguimento continuado das accións propostas.

De feito, a Universidade de Vigo e a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, deseñaron unha metodoloxía estandarizada para que calquera concello galego poida identificar as illas de calor e os refuxios climáticos para a biodiversidade dentro do seu territorio. Esta metodoloxía, desenvolvida no marco do dito Convenio de colaboración asinado o 29 de novembro de 2024, establece un procedemento baseado en datos obxectivos que permite caracterizar as zonas con maior impacto térmico e seleccionar espazos adecuados como áreas de refuxio climático. Para iso, propón a utilización de sensores portátiles para a análise de condicións ambientais e o desenvolvemento dun dispositivo específico de captura de datos ambientais, que recolla información clave como temperatura, humidade ou radiación solar. Ademais, a metodoloxía contempla o procesamento destes datos mediante algoritmos de intelixencia artificial, co obxectivo de identificar as localizacións máis adecuadas para establecer refuxios climáticos.

Así mesmo, a metodoloxía propón a creación dun cadro de mando autonómico que permita centralizar a información recollida polos distintos municipios galegos, mellorando así a capacidade de análise e toma de decisións a nivel rexional. Tamén se inclúe o deseño dunha aplicación móbil que facilite o acceso da cidadanía aos mapas de illas de calor e refuxios climáticos para a biodiversidade, promovendo unha participación activa na adaptación ao cambio climático.

Este traballo situará a Galicia na vangarda do desenvolvemento de ferramentas científicas aplicadas á planificación urbana sostible, garantindo unha base metodolóxica rigorosa para a toma de decisións ambientais para a biodiversidade.

VIII. De acordo co exposto ata agora, as competencias e os obxectivos da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, as singularidades climáticas da cidade de Ourense, así como a singular capacidade técnica e a colaboración desenvolvida ata o momento coa Universidade de Vigo, xustifican o desenvolvemento deste proxecto entre as partes involucradas.

O convenio de colaboración é o instrumento xurídico mais axeitado para impulsar este proxecto entre as partes involucradas (administracións públicas e universidade pública) ao abeiro do establecido no artigo 47.2 letra c) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Por todo o exposto, as partes acordan subscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto e condicións requiridas

É obxecto deste convenio establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, o Concello de Ourense e a Universidade de Vigo para o desenvolvemento dun proxecto de acción contra o cambio climático, que actúe sobre os seguintes obxectivos:

1º. Identificación das illas de calor, entendidas como as localizacións onde as temperaturas sexan extremadamente altas, ou inusualmente altas no concello. Se trata de lugares onde, ante fenómenos meteorolóxicos adversos de altas temperaturas, sofren de temperaturas extremas e que deberan ser evitadas co fin de non sufrir as habituais consecuencias da calor extrema (golpes de calor, deshidratación), especialmente no caso de grupos de poboación sensibles (persoas maiores, pequenos de curta idade, etc.).

2º. Identificación das medidas necesarias para desenvolver refuxios climáticos para a biodiversidade, entendidos como territorios cunha relativa estabilidade climática (condicións ambientais favorables) que permite que moitas especies atopen as condicións requiridas para a súa supervivencia. Teñen dúas tipoloxías:

- Refuxios climáticos de retención: manteñen *in situ* unhas condicións benignas, que permiten a persistencia de moitas especies nativas.
- Refuxios climáticos de deslocalización: estes espazos convértense en receptores de especies inmigrantes que non atopan condicións para a persistencia *in situ* nos

lugares que orixinalmente
habitaban.

3º. Proposta e identificación dos lugares mais idóneos para os refuxios climáticos para a biodiversidade en particular no concello de Ourense como proxecto piloto, que permitirá consolidar con éxito en todas as cidades galegas a metodoloxía e as ferramentas desenvolvidas.

Para o cumprimento destes obxectivos ao abeiro do presente convenio, desenvolveranse as seguintes actividades:

1. Deseño, montaxe e proba dun dispositivo portable de captura de variables atmosféricas (temperatura e humidade relativa), con capacidade de xeolocalización, que poida facer un mapa detallado dun concello en termos de confort ante fenómenos climatolóxicos de altas temperaturas.
2. Estudio e deseño dun proxecto piloto no concello de Ourense localizando illas de calor, propoñendo unha lista de zona declaradas como potenciais refuxios climáticos, e filtrando aqueles que sexan compatibles coa preservación da biodiversidade (flora e fauna).
3. Validación da metodoloxía e do dispositivo portable de captura, a través do proxecto piloto na cidade de Ourense; e estudo da replicabilidade noutros concellos de Galicia.

Segunda.- Compromiso e tarefas da Universidade de Vigo

A Universidade de Vigo comprométese a:

- a) Colaborar no desenvolvemento do proxecto consonte ao establecido na cláusula primeira; en particular, corresponderalle o desenvolvemento das actividades establecidas nos puntos 1 e 3 da dita cláusula.
- b) Colaborar no deseño do proxecto piloto no que se refire ao filtrado de zonas máis compatibles coa preservación da biodiversidade.
- c) Xustificar a realización das actuacións contempladas e gastos efectuados de conformidade co establecido neste convenio.

Terceira.- Compromiso e tarefas do Concello de Ourense

O Concello de Ourense comprométese a:

- a) Colaborar no desenvolvemento do proxecto consonte ao establecido na cláusula primeira; en particular, corresponderalle garantir o desenvolvemento das

actividades establecidas no punto 2 da dita cláusula, poñendo a disposición das partes os datos de temperatura e o listado e acceso ás localizacións óptimas de que dispón.

- b) Facilitar o acceso a fontes de información e o asesoramento técnico que puideran ser relevantes para o correcto desenvolvemento do proxecto.

Cuarta.- Compromiso e tarefas Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia

A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático comprométese a:

- a) Colaborar no desenvolvemento do proxecto consonte ao establecido na cláusula primeira; en particular, poñerá a disposición do resto das partes os medios, información e o asesoramento técnico necesario para o desenvolvemento das actividades do convenio, en especial, en relación aos datos climatolóxicos necesarios para o deseño do dispositivo.
- b) Establecer canles de comunicación coas entidades locais para a detección das súas necesidades en relación ao establecemento de refuxios climáticos para a biodiversidade.
- c) Realizar as oportunas accións de divulgación a través da Rede Local polo Clima para garantir a replicabilidade dos resultados do proxecto.
- d) Promover a coordinación con outros departamentos da Xunta de Galicia ou outras entidades públicas ou privadas que poidan ter interese ou competencias na materia.
- e) Supervisar que as actividades sexan desenvolvidas de acordo coas estipulacións do presente convenio.
- f) Financiar o 100% das actividades obxecto deste convenio establecidas na cláusula primeira ata a contía máxima que se recolle na cláusula seguinte.

Quinta.- Desenvolvemento do proxecto

1. O proxecto desenvolverase en tres fases:

Fase 1.- Desenvolvemento dun dispositivo portable de captura de variables atmosféricas (temperatura e humidade relativa), que permita realizar o mapa detallado dunha zona concreta (concello) en termos de confort ante fenómenos climatolóxicos de altas temperaturas:

Nesta primeira fase realizarase o deseño, montaxe e proba dun dispositivo portable de captura de variables atmosféricas (temperatura e humidade relativa), con capacidade de xeolocalización, que permita realizar un mapa detallado dun concello en termos de confort ante fenómenos climatolóxicos de altas temperaturas.

Fase 2.- Estudio e deseño dun proxecto piloto no concello de Ourense localizando illas de calor, propoñendo unha lista de zona declaradas como potenciais refuxios climáticos, e filtrando aqueles que sexan compatibles coa preservación da biodiversidade (flora e fauna).

Nesta segunda fase realizarase o mapa detallado do concello de Ourense en termos de confort ante fenómenos climatolóxicos de altas temperaturas, localizando illas de calor, propoñendo unha lista de zona declaradas como potenciais refuxios climáticos, e filtrando aqueles que sexan compatibles coa preservación da biodiversidade (flora e fauna). A estes efectos aplicarase a metodoloxía e o dispositivo portable de captura de variables atmosféricas (temperatura e humidade relativa).

Fase 3.- Validación da metodoloxía e do dispositivo portable de captura e estudio da replicabilidade noutros concellos de Galicia.

Nesta fase procederase a validar a metodoloxía desenvolvida no marco do convenio asinado o 29 de novembro de 2024, así como o dispositivo portable de captura, a través do proxecto piloto na cidade de Ourense, realizando un estudio para a súa replicabilidade noutros concellos de Galicia.

2. Para o seguimento e coordinación do proxecto, constituirase un único grupo de traballo, integrado por:

- Dous representantes da Universidade de Vigo.
- Dous representantes da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

Durante a fase 2, incorporárase a este grupo de traballo un representante do Concello de Ourense, que participará nas sesións correspondentes ao desenvolvemento desa fase.

O grupo de traballo reunirse con periodicidade mensual, podendo realizarse as reunións de forma telemática.

Estas reunións entenderanse sen prexuízo do contacto ordinario e constante entre os seus membros, que poderá articularse, entre outros, a través de medios telefónicos, electrónicos ou telemáticos.

Sexta.- Contía da achega económica

Para o desenvolvemento das actuacións previstas no convenio, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático achegará á Universidade de Vigo a cantidade máxima de 110.000 € con cargo á partida orzamentaria 06.02.541E.640.1, código de proxecto 2024 00241 do seu orzamento de gastos para o ano 2025.

Esta achega económica realizarase como unha compensación dos gastos nos que incorra a Universidade de Vigo para a axeitada execución das accións obxecto do convenio. En ningún caso se aboarán importes que supoñan a obtención de lucro por parte da dita Universidade.

Sétima.- Gastos compensables

Con carácter xeral, considéranse gastos compensables aos efectos do convenio, aqueles que de xeito indubidable responden á natureza das actividades, fins do convenio e período de vixencia do convenio.

Requisitos dos gastos con cargo ao convenio:

- Os gastos realizados, facturados e efectivamente pagados dentro do ámbito temporal do propio convenio e, polo tanto, no que atinxe unicamente a actuacións realizadas entre a data da sinatura do convenio e a data de xustificación, de conformidade cos prazos sinalados na cláusula sexta.
- O importe do IVE (imposto do valor engadido) non se considerará gasto xustificable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación, salvo que se acredite a exención do mesmo e consecuentemente non resulte recuperable.
- Os gastos nos que incorra a Universidade de Vigo serán compatibles con outras cantidades públicas ou privadas que puidese recibir, que deberán ser declaradas nas liquidacións do convenio, e diminuirán o importe total a chegar pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.
- Todos os gastos externos xustificados pola Universidade de Vigo non poderan exceder dos prezos de mercado, polo que, no seu caso, podería solicitarse unha auditoría sobre os gastos xustificados, no caso de que non exista outro patrón de público coñecemento que permita establecer o dito axuste. A compensación rebaxairase en función dos prezos de mercado no caso de que o importe xustificado sexa superior.

Oitava.- Xustificación e pagamento das contribucións da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia

1. A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático achegará para o financiamento do custo das accións previstas no presente convenio un importe total máximo de 110.000 €. Esta cantidade será aboada con cargo aos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2025, nos que se dotará crédito axeitado e suficiente para financiar ata o 100% esta achega, conforme á partida orzamentaria 06.02.541E.640.1.

2. A contribución da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático será aboada sempre que se acredite pola Universidade de Vigo ante a Dirección Xeral de Enerxías

Renovables e Cambio Climático a
execución das accións enunciadas neste convenio.

3. Para a acreditación á que se refire o punto anterior, a Universidade de Vigo presentará á Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático, unha vez finalizadas actividades que se detallan neste Convenio, e en todo caso como data límite o 26 decembro de 2025:

3.1. Unha relación clasificada dos gastos nos que se incorreu, coa identificación do concepto de gasto, acreedor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento.

3.2. As facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa, así como os xustificantes das transferencias bancarias, certificacións bancarias ou extractos bancarios, ou documentos obtidos a través da banca electrónica sempre que contén co selo do banco, acreditativas dos pagamentos polos servizos realizados.

En ningún caso serán admisibles os pagamentos xustificados mediante recibo do provedor. Nestes documentos deberán estar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento, o número e a satisfacción do importe total da factura (IVE incluído), así como o concepto a que se refiren. No caso de que no documento de pagamento non se faga referencia ás facturas, deberá ir acompañado da documentación complementaria que permita verificar a correspondencia entre gasto e pagamento. No caso de que un xustificante de pagamento inclúa varias facturas, achegarase unha relación detallada das mesmas na que se poida apreciar que o pagamento se corresponda coas ditas facturas.

3.3. Certificacións expedidas polas respectivas Administracións Públicas, que acrediten que se está ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social, así como a acreditación de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma ou autorización para que a Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático realice estas consultas polos seus propios medios.

No suposto de que o importe do IVE supoña un custo real soportado, poderá ser incluído na solicitude de pagamento. Neste caso, deberá presentarse un certificado oficial expedido pola AEAT, acreditativo da situación da entidade con respecto ao IVE.

3.4. Unha memoria xustificativa final onde se describan de xeito individualizado as distintas accións desenvolvidas, resultados obtidos e as incidencias máis significativas no marco deste convenio.

3.5. No caso daquelas accións nas que se elabore documentación, materiais gráficos, folletos, fotografías ou calquera outro material en formatos analóxicos ou dixitais, xuntarase unha copia dos mesmos ou a ligazón a webs e outros espazos virtuais relevantes nos que poida acreditarse a súa existencia.

3.6. Declaración da titularidade da conta bancaria onde se debe realizar o pagamento.

4. A Universidade de Vigo responsabilizase da veracidade dos documentos presentados. Coa solicitude de pagamento deberá achegarse unha declaración responsable de que non existe ánimo de lucro e que os importes reclamados se circunscriben á satisfacción dos gastos nos que teña incorrido para a execución das actividades obxecto deste convenio. Esta declaración responsable deberá estar asinada dixitalmente pola persoa que ostente a representación legal da entidade.

5. En todo caso, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, a través da Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático, resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa realización das actuacións obxecto do presente convenio e calquera outra que estime oportuna para a correcta xustificación do gasto e o seu pagamento.

6. A Universidade de Vigo manterá a disposición da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático ou de calquera organismo público con capacidade de fiscalización da Comunidade Autónoma de Galicia, tales como a Intervención Xeral, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, todos os xustificantes dos gastos e ingresos obtidos a fin dunha verificación *in situ*, ben por medios propios ou mediante auditor externo. O prazo para a comprobación material de facturas e xustificantes de gasto será de 5 anos desde a finalización do prazo de vixencia do convenio.

Novena.- Comisión de seguimento

Para facilitar a execución e desenvolvemento, así como o seguimento e cumprimento do presente convenio, constituirase unha comisión paritaria, formada por dúas persoas representantes de cada parte asinante. Esta Comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio. Así mesmo, supervisará a programación das accións concretas ás que se refire o convenio e avaliará e controlará as actividades realizadas.

A comisión reunirse en sesión constitutiva nun prazo non superior a un mes desde a sinatura deste convenio. Así mesmo, reunirse tantas veces como o soliciten as partes para analizar o grao de cumprimento dos obxectivos fixados, propor a resolución dos conflitos específicos que puidesen exporse e realizar calquera outra actuación de coordinación que se estime precisa.

A presidencia da Comisión, que a ostentará unha das persoas que actúe en representación da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, terá voto dirimente.

O funcionamento da Comisión de Seguimento farase ao abeiro do réxime xurídico dos órganos colexiados contido na sección III, co capítulo I do título I (artigos 15 e seguintes) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Décima.- Vixencia e causas de resolución

Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura ou desde a data do último signatario, e manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2025.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución. Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun prazo de 10 días hábiles coas obrigas ou compromisos que se consideren incumplidos. Este requirimento será comunicado á Comisión de Seguimento do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Se cando concorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da Comisión de seguimento do convenio, acordarán a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas.

Décimo primeira.- Modificación

O presente convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira. A dita modificación terá por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución. As modificacións será por acordo unánime das partes, que se formalizará mediante a correspondente *addenda*.

Décimo segunda.- Publicidade da subscrición do convenio

De conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006 de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático publicará no Diario Oficial de Galicia, no Portal de transparencia e Goberno aberto e na súa páxina web oficial o importe da obriga económica asumida pola Consellería ao abeiro deste convenio e a entidade destinataria desta, e incluírá igualmente a referida contribución e as sancións que como consecuencia deste puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos da entidade e a referida publicidade, así como a súa cesión aos órganos competentes da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

O Concello de Ourense e a Universidade de Vigo deberán subministrar toda a información necesaria para que a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático poida dar cumprimento ás obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento desta obriga serán as establecidas no artigo 4.4 da citada lei.

Décimo terceira.- Titularidade dos resultados

A documentación xerada como consecuencia da execución deste convenio na fase 2 será propiedade conxunta da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, do Concello de Ourense e da Universidade de Vigo. A documentación xerada como consecuencia da execución deste convenio nas fases 1 e 3 será propiedade conxunta da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e da Universidade de Vigo.

A titularidade de todos os dereitos de propiedade intelectual inherentes ao dispositivo portable será da Universidade de Vigo e da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático por ámbito mundial e polo prazo de protección dos dereitos de propiedade intelectual, de acordo coa normativa nacional e comunitaria aplicable. Tanto en publicación como rexistros de propiedade intelectual respectarase sempre a mención aos autores do traballo.

Décimo cuarta.- Confidencialidade

Cada unha das partes comprométese a non difundir, baixo ningún aspecto, as informacións científicas ou técnicas pertencentes á outra parte ás que puidesen ter acceso no desenvolvemento do Convenio, sempre que esas informacións non sexan de dominio público, a parte receptora teña evidencia que coñece previamente a información recibida ou a información recibida proceda dun terceiro que non esixe secreto.

Calquera divulgación dos resultados, parciais ou finais, en parte ou na súa totalidade, para a súa publicación como artigo, conferencia, etc. deberá solicitar a conformidade da outra parte por escrito e por medios fehacientes. A outra parte deberá responder nun prazo máximo de quince días, comunicando a súa autorización, as seus reservas ou a súa desconformidade sobre a información contida. Transcorrido o devandito prazo sen obter resposta, entenderase que o silencio é a tácita autorización para a súa difusión.

Décimo quinta.- Responsabilidade

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais ou entidades que vaian desenvolver as actuacións obxecto deste convenio e a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, de tal xeito que non se poderá esixir a esta responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do devandito convenio.

Décimo sexta.- Protección de datos persoais

As partes manifestan e se comprometen a darlles aos datos de carácter persoal que sexan obxecto de tratamento como consecuencia do desenvolvemento deste convenio un uso adecuado no marco do disposto pola normativa europea en materia de protección de datos de carácter persoal integrado polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (RXPD) e as normas de desenvolvemento que a cada parte lles resultes aplicables.

Na execución deste convenio as partes declaran que asumen a condición de responsables do tratamento independentes, xa que cada unha no seu propio ámbito de actuación determina os medios e os fins dos tratamentos de datos necesarios; e que non se dan as condicións para ser consideradas corresponsables do tratamento ao abeiro do previsto no RXPD. En consecuencia, cada unha das partes asinantes responderá individualmente fronte ás persoas afectadas e fronte ás autoridades de control competentes, do incumprimento das súas obrigas correspondentes en materia de protección de datos persoais, así como das infraccións en que tivese incorrido.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e portabilidade nos termos legais previstos, mediante comunicación ao enderezo social do responsable do tratamento que corresponda, así como, de existir, a través de correo electrónico aos respectivos delegados de protección de datos. Se a solicitude de exercicio de dereitos se presentase diante da parte que non sexa a competente para a súa tramitación e resolución, esta daralle traslado á competente á maior brevidade posible, informando disto á persoa interesada.

Se a correcta execución dalgunha das prestacións deste convenio requirise a cesión de datos persoais dunha das partes á outra, esta terá a súa base de lexitimación, cando menos, no cumprimento do presente convenio, de conformidade co establecido no artigo 6.1.b) do RXPDP, sempre e cando se limite aos mínimos imprescindibles para acadar o fin perseguido. En todo caso, a entidade cesionaria adoptará as medidas adecuadas para limitar o acceso dos seus empregados aos datos persoais cedidos durante a vixencia deste convenio.

Décimo sétima.-Autorizacións

O Concello de Ourense e a Universidade de Vigo consenten expresamente a inclusión dos datos relevantes e persoais deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, así como poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación cancelación e oposición respecto do contido dos rexistros antes citados, ante a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, con sede no complexo administrativo de San Caetano s/n, 15704, Santiago de Compostela.

Este consentimento esténdese á autorización para a cesión dos seus datos á entidade financeira na que se aboe o pagamento, ao *Diario Oficial de Galicia* e ás demais cesións previstas na lei.

Tamén comporta a autorización á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.

Décimo oitava.- Natureza e normativa

O presente convenio ten natureza administrativa, estando suxeito as previsións dos artigos 47 e ss da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público. En consecuencia, queda fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE, do 26 de febreiro de 2014, de conformidade co seu artigo 6.1, sen prexuízo da aplicación dos principios desa lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse, consonte o previsto no seu artigo 4.

As partes comprométese a resolver de común acordo, ante a Comisión de seguimento, calquera controversia que puidese suscitarse sobre a interpretación ou execución deste convenio. En caso de conflito as partes acordan o sometemento á Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Para todo o non previsto neste convenio aplicarase o previsto na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como na Resolución do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril) pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, en todo o que non se opoña á Lei 1/2016, do 18 de xaneiro.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente convenio en Ourense a data 17 de xuño de 2025,

Pola Consellería de Medio
Ambiente e Cambio Climático,

Ángeles Vázquez Mejuto

Polo Concello de Ourense,

Gonzalo Pérez Jácome

Pola Universidade de Vigo.

Manuel Joaquín Reigosa Roger

ANEXO

ORZAMENTO ECONÓMICO

I. GASTOS COMPENSABLES POR TIPOLOXÍA

TIPOLOXÍA DE GASTO	IMPORTE	IVA	SUBTOTAL
PERSOAL PROPIO	7.252,70 €		7.252,70 €
PERSOAL CONTRATADO	20.793,02 €		20.793,02 €
SUBMINISTRACIÓN (materiais)	28.679,11 €	6.022,61 €	34.701,72 €
SERVICIOS PROFESIONAIS EXTERNOS (integración sensórica, voos sensorización...)	33.300,00 €	6.993,00 €	40.612,96 €
DIETAS/CUSTOS INDIRECTOS	6.639,60 €		6.639,60 €
TOTAL			110.000,00 €

II. DESAGREGACIÓN GASTOS DE PERSOAL

Persoal propio:

Categoría	MESES	SALARIO	SS	%	IMPUTADO
Axudante doutor 1	5	2.323,64 €	898,38 €	0,05	805,51 €
Titular de Universidade 1	5	4.586,72 €	0,00 €	0,05	1.146,68 €
Catedrático de Universidade 1	5	6.444,66 €	0,00 €	0,05	1.611,17 €
Contratado doutor 2	5	3.632,97 €	1.307,98 €	0,05	1.235,24 €
Titular de Universidade 2	5	5.086,38 €	1.029,64 €	0,05	1.529,01 €
Axudante doutor 2	5	2.670,77 €	1.029,64 €	0,05	925,10 €
					7.252,70 €

Persoal contratado:

Categoría	MESES	SALARIO	SS	%	IMPUTADO
C1 (Enxeñaría)	4	2.000,00 €	599,13 €	100	10.396,52 €
C2 (Bioloxía)	4	2.000,00 €	599,13 €	100	10.396,52 €
					20.793,04 €